



**Museo do Pobo Galego**

## **PROGRAMACIÓN SECUNDARIA 2015-2016**



Presentámosvos as propostas do Departamento de Educación e Acción Cultural para este curso que comeza e coas que pretendemos atender as necesidades do colectivo escolar e docente do ensino secundario obrigatorio para achegarse ao Museo. Contempla distintas modalidades de aproveitamento didáctico da colección que se poden poñer en práctica **por libre** no horario de apertura do Museo, **de martes a sábado de 10h30 a 14h e de 16h a 19h30. Domingos e festivos de 11h a 14h,** ou coa intervención do **Departamento de Educación e Acción Cultural** en horario **de 11 a 14h martes a venres**. A dispoñibilidade de persoal e unha circulación máis cómoda e segura para as persoas fai aconsellable concertar a visita **cunha antelación mínima de 15 días** calquera que sexa a modalidade elixida, por libre ou co persoal do DEAC.

A entrada ao Museo é de balde para os grupos escolares e só o servizo de visitas ou actividades dirixidas en salas polo persoal do Departamento de Educación e Acción Cultural teñen un custe que é **de 70 ct. por alumno/a**. Nas actividades **nas que se envíen materiais ao persoal docente** para realizalas de maneira autónoma, o custe é de **3 euros por centro**.

Para máis información, podedes acudir á nosa paxina [museodopobo.gal](http://museodopobo.gal) ou chamarnos ao 981583620 ou escribirnos a [deac@museodopobo.com](mailto:deac@museodopobo.com) Estamos tamén en twitter (@MuseodoPobo) e facebook.

**Grazas!**

## Actividades autónomas (dirixidas polo persoal docente)

**Visita con pistas.** O alumnado achegarase de forma xeral aos contidos do Museo e á historia e cultura galegas a través dun xogo de pistas. Pensando nos **intercambios escolares** o xogo tamén está dispoñible en castelán, francés, inglés e portugués.

Para 1º, 2º e 3º ESO  ACTIVIDADE AUTÓNOMA!

- **Temporalización: 60 minutos**
- **Recoméndase un máximo de 30 participantes**
- **Custe por grupo: 3 euros**

**Quebracabezas.** Actividade onde o alumnado, organizado en equipos, terá que compor un quebracabezas a partir de anaquiños de información ciscados polo Museo que terán como resultado un dos temas que organizan as súas salas.

Para 3º e 4º ESO  ACTIVIDADE AUTÓNOMA!

- **Temporalización: 60 minutos**
- **Recoméndase un máximo de 30 participantes**
- **Custe por grupo: 3 euros**

## Actividades dirixidas polo DEAC

**Construíndo co LUPO.** O alumnado traballa en equipo, tratando temas como a escala, a estrutura ou a utilidade construíndo algún exemplo de arquitectura tradicional usando o sistema LUPO ([sistemalupo.ferminblanco.com](http://sistemalupo.ferminblanco.com)).

- **Recomendado para 1º ESO.**
- **15 participantes por sesión para esta actividade.**
- **Visita dirixida por educadores/as do DEAC.**
- **Temporalización: 60 minutos**
- **Custe: 0,70 ct. por alumno/a**

**En fotogramas.** Partindo da proxección de pezas audiovisuais que reinterpretan algúns dos temas que nos afectan como pobo , o achegamento ao Museo faise desde unha ollada actualizada sobre o eido cultural, arquitectónico, paisaxístico, económico e social de Galicia. A actividade ten dúas partes: a proxección e a posterior visita a algúns elementos da colección permanente.

- **Recomendado para 2º , 3º e 4º ESO.**
- **20 participantes por sesión para esta actividade.**
- **Visita dirixida por educadores/as do DEAC.**
- **Temporalización: 70 minutos**
- **Custe: 0,70 ct. por alumno/a**

**Música e Baile.** Neste percorrido polo Museo trátanse as manifestación musicais galegas, desde as creacións consideradas autóctonas até a adaptación de ritmos alleos así como pola vixencia da música tradicional e da fusión con novos ritmos e instrumentos até traela á contemporaneidade.

- **Recomendado para 3º e 4º ESO**
- **20 participantes por sesión para esta actividade.**
- **Visita dirixida por educadores/as do DEAC.**
- **Temporalización: 90 minutos**
- **Custe: 0,70 ct. por alumno/a**

**Itinerarios temáticos.** Visitas comentadas á colección permanente do Museo dividida en bloques temáticos (Mar e Campo, Oficios e Sociedade). Só se realiza un destes bloques en cada visita.

- **Para todos os cursos**
- **25 participantes por sesión para esta actividade.**
- **Visita dirixida por educadores/as do DEAC.**
- **Temporalización: 50 minutos**
- **Custe: 0,70 ct. por alumno/a**

**Mar e campo:** este itinerario, tal e como o seu nome indica, abrangue ambas salas onde se presentan distintos aspectos etnográficos e históricos do medio mariño e da terra -gandaría e agricultura- que marcaron o sistema produtivo galego e que seguen a facer parte de cuestións actuais. Desde a chegada dos fomentadores á costa galega e o impulso da pesca a través da sardiña, a propietarización da terra, pasando polas estratexias de adaptación á novos modelos produtivos, a especialización gandeira e a pervivenza de prácticas silvícolas tradicionais co monte como elemento fundamental do mesmo.

**Oficios:** podemos considerar que o conxunto de actividades que abrangue este itinerario, funcionaron no seu día como un elemento fundamental da economía e do comercio. A factura dos produtos realizados implica un conxunto de saberes e habilidades específicos que se foron transmitindo de xeración en xeración. Algunhas viviron momentos de auténtico auxe no pasado e outras, despois de anos de esquecemento, véñense recuperando desde o que damos en denominar artesanía.

**Sociedade:** a sociedade galega tradicional cos usos, costumes e crenzas que a caracterizan son aspectos que , en certa medida, seguen a definirnos no presente. A casa, a propiedade, o concepto cíclico do tempo, a corrente da vida, a saúde... son algúns dos puntos que se tocan neste itinerario.